



ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO DE SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DÚAS (2) PERSOAS DESEMPREGADAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE TRABALLADORES FORESTAIS (Categoría OF. 2ª GC8) PARA O CONCELLO DE TEO. APROL RURAL 2025.

Sendo as 12:00 horas do día 09/06/2025 reúnese, na Nave do Concello sita en Lucí, o tribunal para a selección de persoal laboral temporal, por concurso-oposición, de dúas (2) persoas desempregadas para ocupar os postos de traballadores forestais, para o Concello de Teo, por nove (9) meses, proceso convocado por Decreto da Alcaldía de data 26 de maio de 2025 (res. 626/2024) ao abeiro da concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural APROL RURAL 25 (DOG nº 50, de 13/03/2025).

Presidente:

D^a. Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo.

Vogais:

D. Luis Javier Castro Martínez, arquitecto técnico do Concello de Teo.

Secretaria:

D^a. M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta á Secretaría do Concello de Teo.

Asiste a tribunal na preparación da proba e asesoramento na mesma, como persoal colaborador, D. Antonio Mateo Rial (Parques e Xardíns de Teo)

Realizado o chamamento das persoas aspirantes preséntanse á proba:

- Amado Ogando, Manoel
- Regueiro Ferreira, Manuel

De acordo co disposto na base sexta, realízase unha proba consistente en:

"- Fase de oposición: 25 puntos

Esta fase consistirá na realización dunha proba práctica, obrigatoria e eliminatória, que terá relación co posto a desempeñar e coas tarefas que se executan de xeito cotiá no posto de traballo ofertado. A finalidade da mesma é que as persoas aspirantes amosen, nun tempo máximo de 30 minutos, a súa destreza na realización das tarefas propias dos

traballadores forestais. A puntuación máxima deste apartado é de 25,00 puntos e para entendela superado haberá que acadar unha puntuación mínima de 12,50 puntos.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da/s persoa/s aspirante/s que acade/n maior puntuación na fase de oposición e, de persistir o empate, a favor da/s persoa/s con maior tempo en situación de desemprego que se acreditará co informe de situación de desemprego expedido polo Servizo Público de Emprego.

A nota da fase de oposición de cada aspirante será a resultante da media de todas as puntuacións outorgadas por cada membro do tribunal con voz e voto.

O tribunal procederá a cualificación das persoas aspirantes, axustándose ao establecido nas presentes bases, procedendo á publicación, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, da relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida, elevando á Alcaldía a correspondente proposta de contratación a favor das dúas persoas candidatas que obtiveran a maior puntuación total.

Publicada a referida lista, as persoas interesadas poderán presentar reclamacións no prazo máximo de dous (2) días dende tal publicación."

O **exercicio** consiste en demostrar o uso e manexo dunha desbrozadora, para o cal se valora:

- Colocación de EPIS (puntuación máxima 5 puntos): pantalla, perneiras, cascos e guantes
- Instalación do cabezal (puntuación máxima 10 puntos): elixir o cabezal axeitado, cargar o fío e instalar o cabezal
- Posta en funcionamento (puntuación máxima 10 puntos): Revisar o nivel de combustible, cebar o carburador, accionar o estrangulador de aire e acendido da máquina.

A proba iniciase ás 12:00 e remata ás 12:15 horas.

Rematadas as probas o tribunal procede á avaliación das probas entregadas polos participantes presentados, obténdose o seguinte resultado:

1º. Amado Ogando, Manoel

USO E MANEXO DUNHA DESBROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla	5 puntos
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 10 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	10 puntos
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 10 puntos)	Revisar o nivel de combustible	10 puntos
	Cebar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	

2º. Regueiro Ferreira, Manuel

USO E MANEXO DUNHA DESBROZADORA		
COLOCACIÓN DE EPIS (puntuación máxima 5 puntos)	Pantalla	5 puntos
	Perneiras	
	Cascos	
	Guantes	
INSTALACIÓN DO CABEZAL (puntuación máxima 10 puntos)	Elixir o cabezal axeitado	10 puntos
	Cargar o fío.	
	Instalar o cabezal	
POSTA EN FUNCIONAMENTO (puntuación máxima 10 puntos)	Revisar o nivel de combustible	10 puntos
	Cebar o carburador	
	Accionar o estrangulador de aire	
	Acendido da máquina	
	Colocación sobre o arnés.	

Á vista das puntuacións obtidas nas fases de concurso e na de oposición, o resultado final do proceso selectivo é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	Concurso	Proba práctica	Total
Amado Ogando, Manoel	**3787***	2,44	25	27,44
Regueiro Ferreira, Manuel	**8059***	7,00	25	32,00

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **ACORDA:**

1º. Cualificar aos aspirantes Amado Ogando, Manoel e Regueiro Ferreira, Manuel como aptos.

2º. Propoñer á Alcaldía a contratación de:

- D. Amado Ogando, Manoel, DNI ****3787*****
- D. Regueiro Ferreira, Manuel, DNI ****8059*****

como traballador forestal (Categoría OF. 2ª GC8), por período de nove (9) meses, xornada completa, ao abeiro da concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural APROL RURAL 25 (DOG nº 50, de 13/03/2025).

3º Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes presentados ca puntuación obtida.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e vinte cinco minutos do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asínase por todos os membros do tribunal.

Presidente

Ignacio Soto González

Vogal

Luis Javier Castro Martínez

Secretaria

Mª Elena Sueiro Fernández.